

COMUNICADO Nº 047/23

15 DE MARZO DE 2023

LICENCIAS ADMITIDAS NAS CITAS AUTONÓMICAS. ANEXO I PUBLICADO NO ANUARIO 2023.

A Federación Galega de Automobilismo quere aclarar, ante as consultas realizadas sobre a validez das licencias nas probas autonómicas, que a única licencia válida para puntuar é a expedida pola propia FGA.

Todos aqueles equipos das Federacions Autonómicas que teñan convenios de participación coa FGA (Asturias, Cantabria, Castilla y León, Aragón, Euskadi, Navarra e La Rioja) poderán participar nas probas optando á premios e trofeos da clasificación xeral e por agrupacións na proba.

En cambio si terán capacidade para puntuar nas citas que sexan consideradas “Open” nas modalidades de autocross/rallycross e karting.

No suposto de que un equipo ou parte del sexan de fora da comunidade galega e desexen puntuar en calquera dos formatos competitivos autonómicos, todas as licencias do mesmo deberán ser expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

No caso de probas de carácter nacional, os posuidores de licenza autonómica expedida pola Federación Galega de Automobilismo poderán competir no denominado “segundo rallye” en Galicia.